

PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN PÚBLICA PARA ADXUDICAR O SERVIZO DENOMINADO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña

RESP

UESTAS ÁS CUESTIÓNS PLANTEXADAS POR SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.

Visto o escrito remitido a este Concello pola empresa **SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.** ao respecto de determinadas cuestións referidas á licitación do **O SERVIZO DENOMINADO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña**, cómpre indicar o seguinte:

1.- DATOS DO ACTUAL SERVIZO:

- **datos relativos ao volume de recadación, en voluntaria e executiva, nos derradeiros dous anos.**

As plataformas de consulta, nas que se recolle a recadación de recursos públicos, actualmente reflicten a seguinte información:

	2012		2013	
	Voluntaria	Executiva	Voluntaria	Executiva
recadado polo concello	7.630.388,23 € (1)	798.722,10 € (1)	1.247.049,06 € (2)	156.825,13 € (2)
recadado pola Deputación	- €	- €	6.301.779,78 € (3)	699.259,16 € (3)

(1) datos actualizados a 04/02/2013

(2) datos actualizados a 09/04/2014

(3) datos actualizados a 01/01/2014

Para o seu análise, debe terse en conta o acordo de delegación na Deputación da Coruña e a existencia de taxas que se recadan de forma directa polo Concello pero que non teñen, a día de hoxe, reflexo na plataforma de colaboración coa recadación municipal, as mais relevantes son:

	2012	2013
Licenzas urbanísticas	67.566,28 €	61.436,11 €
Licenzas apertura de establecementos	17.518,68 €	54.996,46 €

2.- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP):

- a. **CONTIDO DO SOBRE A: ¿debe ser introducido neste sobre o desenvolvemento completo dos medios informáticos (hardware e software) sin limitación ninguna?**

No se ten establecido ninguna limitación.

- b. **CONTIDO DO SOBRE A: ¿É preciso facer constar a identidade do delegado responsable nomeado pola empresa?**

Os pregos esixen o compromiso de designar un delegado responsable nomeado pola empresa, engadindo unha relación de méritos que poña de manifesto a súa idoneidade pola experiencia na prestación de servizos con idénticas características ás do contrato, indicando a súa titulación académica e profesional. En ningún momento se esixe a súa identificación.